

# Antón Lopo



## Antón Rodríguez López

Antón Lopo (Monforte de Lemos, Lugo, 1961), escritor, xornalista e editor. Foi durante máis de vinte anos coordinador da "Revista das Letras".

Como escritor publicou obras de poesía e narrativa.

Como poeta é autor de *Sucios e desexados* (1987), *Manual de masoquistas* (1990), *A sombra dos rapaces mexando* (1995), *O libro dos amados* (1996), *OM* (1996) e *Pronomes* (1998).

Dentro da narrativa é autor das novelas *As reliquias* (1991) coa que gañou o Premio Café De catro a catro, *O riso de Isobel Hill* (2000) *Ganga* (2001) e *Obediencia* (2010) coa que obtivo o Premio Manuel García Barros.

Lopo tamén cultivou o teatro, o ensaio no ámbito da investigación literaria e mesmo a tradución.